

**Resolución pola que se publica a concesión de axudas á investigación, da Universidade de Santiago de Compostela, para a realización de proxectos, destinados ao desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para o ano 2024**

Reunida a comisión de avaliación e avaliadas as solicitudes dos proxectos e documentación asociada presentadas, e tendo en conta a súa proposta, esta Reitoría

**RESOLVE:**

Conceder ás seguintes investigadoras e investigadores, tendo en conta a puntuación acadada na avaliación, os seguintes importes.

PROXECTOS CONCEDIDOS			
ORDE	INVESTIGADOR/A PRINCIPAL	PUNTUACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO
1	GARCIA MARIN, JORGE	80	4.900 €
2	GARCIA COUCEIRO, NURIA	65	3.500 €
3	SEIJO MARTINEZ, DOLORES	90	6.100 €
4	PEREZ RIVAS, NATALIA	80	4.000 €
5	GINZO VILLAMAYOR, MARIA JOSE	60	3.500 €
6	VILLAR VARELA, MILENA	70	3.000

E excluír a candidatura seguinte:.

PROXECTOS EXCLUIDOS
INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
ORDÓÑEZ MAYÁN, LUCÍA

Ao abeiro do artigo 6 da convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Santiago de Compostela para a realización de proxectos, destinados ao desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o ano 2023, as persoas beneficiarias da axuda deberán presentar no **prazo máximo de 3 días hábiles** a partir da publicación da resolución, o documento de aceptación expresa da axuda concedida, a través do rexistro electrónico da USC,

dirixido á Vicerreitoría de Política Científica, segundo o modelo que figura como Anexo I na convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no [taboleiro de anuncios](#) da USC, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,

O Reitor

Antonio López Díaz

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
23/07/2024 12:01:45.

**CSV:** 2370-5F78-4F4B-9825